

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA



**CURSO 2022-2023**

**IES CASTRO DE BARONCELI**

# ÍNDICE

- **INTRODUCCIÓN**
- **DEPARTAMENTO DE EF**
- **CONTEXTUALIZACIÓN**
- **DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE: PERFIL COMPETENCIAL**
- **OBXECTIVOS DA ETAPA**
- **CONTIDOS**
- **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**
- **UNIDADES DIDÁCTICAS POR CURSO**
- **METODOLOXÍA**
- **AVALIACIÓN**
- **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- **ELEMENTOS TRANSVERSAIS**
- **PLANS E PROXECTOS**
- **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**
- **ENSINO A DISTANCIA: RECURSOS, METODOLOXÍA E AVALIACIÓN**

## INTRODUCCIÓN/XUSTIFICACIÓN

---

A continuación, preséntase neste documento a Programación Didáctica do Departamento de Educación Física para o curso académico 2022-2023 no IES “Castro de Baronceli” de Verín, na provincia de Ourense en Galicia.

A educación é a base para o correcto funcionamento e progreso dunha sociedade, e imprescindible para o desenvolvemento íntegro como persoas. É un ben social que nos dá liberdade, enriquece a cultura, os valores e todo o que nos caracteriza como seres humanos. Do mesmo xeito que a sociedade e a educación, a nosa área de coñecemento, a Educación Física, evolucionou desde a súa incorporación ao sistema educativo, do mesmo xeito que as leis que a guían. O noso alumnado, ademais de desenvolver a súa competencia motriz, debe construír a súa personalidade acorde á sociedade plural na que se atopa inmerso. Aproveitando as oportunidades que nos brinda a nosa materia, basearemos a nosa intervención na educación integral do individuo (ámbito cognoscitivo, afectivo, psicomotor e social). Así, axudaremos a que se desenvolva con autonomía, sendo capaces de asumir as súas limitacións e desenvolver e valorar as súas capacidades, atopando o seu sitio nunha sociedade cada vez máis complexa. Para poder conseguir isto, é necesario elaborar un plan concreto de actuación a nivel educativo, que determine o que queremos alcanzar, con que e como o imos a conseguir; así como o que, como e cando o imos a avaliar. Esta proposta é a que se recolle neste documento en forma de programación didáctica.

Tendo en conta a lexislación vixente e as características do contexto e ó que está dirixida esta programación, esta intervención educativa desenvolverase ao redor de tres eixos fundamentais, relacionados entre si. O primeiro é utilizar a nosa materia como ferramenta socializadora para a diversidade do alumnado, que chega a un novo centro e atópase na etapa da puberdade e adolescencia. Fomentaremos o respecto e o traballo colaborativo, as boas relacións sociais, sendo críticos coas situacións de discriminación e de acoso de calquera ámbito. O segundo eixo é favorecer a súa autonomía a través dunha metodoloxía activa, propoñendo traballos de procura e investigación, para ampliar o abanico de posibilidades de actividade física para mellorar a saúde. O que nos leva ao terceiro eixo desta programación: a promoción dun estilo de vida saudable. Isto xustifícase por dúas situacións: a reducida carga horaria que ten a nosa materia e o estilo de vida sedentario, cada vez máis estendido na infancia e adolescencia, provocando un dos maiores problemas de saúde da nosa sociedade, o sobrepeso e a obesidade. Como docentes, debemos facelos conscientes deste problema e propoñer actividades coas que o alumnado goce e xere actitudes positivas cara ao exercicio físico, dándolle novas alternativas para ocupar o seu tempo libre no presente e no futuro.

Para a planificación desta programación, tivéronse en conta aspectos da lexislación educativa a nivel estatal e autonómico, para realizala de forma adecuada, co obxectivo de garantir a equidade e igualdade na educación. Os documentos máis relevantes son, en primeiro lugar, a *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE)*, que modifica o disposto na anterior *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)*. Concrétanse no *Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, que establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato*, utilizando o currículo específico do *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e o Bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia*.

## DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

O departamento está formado por un só profesor, polo que Míriam Rivas Lozano fai as función de xefe de departamento e profesor nos grupos da educación secundaria obrigatoria (ESO), neste caso:

- 1ºA → 27
- 1ºB → 28
- 2ºA → 17
- 2ºB → 20
- 2ºC → 1
- 3ºA → 18
- 3ºB → 15
- 4ºA → 26

## CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Castro Baronceli está situado no concello de Verín na estrada de Portugal, preto da saída a autovía A-52, na seguinte dirección: Rúa Camiño Tuelas, nº9 Queizás, Verín (Ourense). O número de teléfono é o 988411212, o fax o 988590416 e o enderezo electrónico é [ies.castro.baronceli@edu.xunta.es](mailto:ies.castro.baronceli@edu.xunta.es)



O alumnado pertence ós concellos de Laza, Castrelo do Val, Riós, Vilardevós, Monterrei e Oímbra. O nivel socio-económico é medio-baixo.

A oferta educativa é para os catro niveis da ESO. Neste curso 2022-2023 existen dous grupos de 1º (A e B), dous grupos en 2º (A e B), dous grupos en 3º (A e B), e un grupo en 4º (4ºA). En total son 16 horas de docencia que imparte o único integrante do Departamento, pois en 1º ESO engadiuse unha hora máis semanal por grupo, por decisión do claustro.

O alumnado da ESO (entre 12 e 16 anos), encóntranse na etapa de desenvolvemento motor, da puberdade e adolescencia, que se caracteriza polos cambios morfolóxicos debidos ao crecemento físico e cambios psicolóxicos e fisiolóxicos da maduración dos sistemas orgánicos. Na materia de EF aféctalles na súa coordinación polo que hai que ter en conta as súas dificultades de adaptación, axustándolles as tarefas en función das súas necesidades. Este período da ESO é a fase sensible para o desenvolvemento das súas capacidades físicas para a mellora dos sistemas orgánicos, nas que temos que incidir nas dúas sesións semanais. Tamén coincide coa iniciación e perfeccionamento nos deportes, que orientamos ao aprendizaxe comprensivo e cooperativo e fomentamos a práctica nos recreos, no seu tempo libre ou nalgún club deportivo.

As instalacións e equipamentos cos que contamos para o desenvolvemento desta programación didáctica son:

### **INTALACIÓNS**

- EXTERIORES: pista descuberta e cuberta.
- INTERIOR: Ximnasio, almacén de material, despacho do profesor/a e vestiarios

### **MATERIAL**

#### **- FIXO NO EXTERIOR:**

- 2 xogos de porterías de tubo redondo de balonmán e fútbol sala.
- 2 xogos de porterías de sección cadrada de balonmán e fútbol sala.
- 1 xogo de canastras de pé de baloncesto.
- 3 canastras de parede.

#### **- FIXO NO XIMNASIO**

- 8 espaldeiras.
- Dobres postes de voleibol e bádminton
- 1 mesa de tenis de mesa e mobiliario que ten que quedar fora do almacén

#### **- MÓBIL**

- 1 Xogo de Postes voleibol.
- 2Xogos de Postes bádminton.
- 2 xogos de canastras móbiles de minibásquet
- 1 armazón de ferro con barras para pendurarse ou pasar pendurado delas.
- 1 Potro.
- 1 Plinto.
- 14 Colchonetas.
- 2 Quitamedos.
- 8 Bancos suecos.
- 24 Picas.
- Cordas.
- Aros.
- 4 Balóns medicinais de 4 Kg e 4 de 3 kg.
- 12 Balóns de voleibol, 24 de baloncesto, 8 de fútbol sala, 12 de balonmán, 2 de rugby
- 18 Pelotas variadas.
- 24 Raquetas de bádminton.
- 1 Mesa de tenis de mesa.
- 8 Vallas.
- Cinta métrica de 50 metros e flexómetro de 1 m.
- 1 Xogo de salto de altura.
- 1 minitramp
- 4 xogos de Petos de varias cores.
- 30 esterillas individuais .
- Escaleira e barra para subir
- 20 sticks de floorball.
- 1 cronómetro.
- Brúxulas de orientación.
- 4 cascos de escalada
- 3 arneses
- Materia de escalada
- 1 paracaídas
- Aros y panos de malabares

Unha competencia “refírese a unha combinación de destrezas, coñecementos, aptitudes e actitudes, e á inclusión da disposición para aprender ademais do saber como” (European Comisión, 2004, p. 5); polo que hai que entendelas como un saber facer na diversidade dos contextos. Unha das novidades da LOMCE é a introdución das “competencias clave no sistema educativo español como eixo central do ensino” (Lleixá e Sebastiani, 2016, p.16), as cales debemos de relacionar cos contidos e criterios de avaliación, como nos especifica a Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

A competencias clave do currículo son as seguintes:

- Competencia de aprender a aprender (CAA)
- Competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC)
- Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT)
- Competencia de Comunicación Lingüística (CCL).
- Competencia Dixital (CD).

A continuación, se resume e describe como se vai a contribuír, en maior ou menor medidas, as diferentes competencias clave:

A Educación Física contribúe á competencia CCEC en dous planos diferentes. O primeiro plano vén definido polo enriquecemento cultural que supón para o alumnado a práctica e o coñecemento das actividades físicas e deportivas. O segundo plano vén determinado pola observación da actividade física e deportiva como unha forma artística, como elemento plástico.

No primeiro caso, esta competencia supón apreciar, comprender e valorar as manifestacións culturais da motricidade humana, tales como os deportes, os xogos tradicionais, as actividades expresivas ou a danza, e consideralos como parte do patrimonio cultural dos pobos, algo que é necesario coñecer e preservar. Contribúese a adquirir esta competencia facilitando o acceso do alumnado á historia literaria e visual da educación física, ao coñecemento dos seus momentos máis singulares e a unha reflexión e valoración crítica sobre a súa transcendencia no contexto cultural en que teñen/tiveron lugar.

Noutro sentido, esta materia está comprometida coa adquisición dunha actitude aberta e respectuosa ante o fenómeno deportivo como espectáculo e ante as manifestacións lúdicas, deportivas e de expresión corporal propias doutras culturas, propoñendo fomentar unha visión crítica ante a violencia no deporte ou outras situacións contrarias á dignidade humana que nel se producen.

A Educación Física ten un carácter creativo ao que se contribúe mediante a exploración e utilización das posibilidades e recursos expresivos do corpo e o movemento. Desenvólvese esta competencia ensinando a ver e a percibir os aspectos estéticos que poden existir dentro dun acto motor, especialmente na observación das grandes competicións e encontros deportivos. Elasticidade, expresividade, harmonía, plasticidade, son palabras asinables a diversas especialidades e momentos deportivos. A súa aplicación farase a través do desenvolvemento das habilidades perceptivas e da experimentación sensorial, especialmente a través da realización de propostas rítmico-expresivas, individuais ou grupais e da visualización de actividades deportivas ou de expresión corporal de alto nivel.

Dende o punto de vista da Educación Física as competencias sociais e cívicas (CSC) incorporan a capacidade de establecer dinámicas persoais e grupais a través do propio corpo, en situacións de cooperación e de oposición, preservando e fomentando os valores deportivos máis esenciais, que comportan a posta en práctica dun proxecto en común e a aceptación de regras e normas establecidas polo grupo na práctica de xogos ou deportes, así como o respecto aos materiais, ao contorno e ás persoas participantes. As habilidades asociadas á interacción con outras compañeiras e compañeiros implican, xa que logo, a integración de diferentes saberes (sociais e deportivos) que permiten establecer relacións construtivas e facilitan a integración do alumnado na sociedade e/ou no grupo.

O deporte é o resultado dun proceso histórico e cultural. Os códigos, interpretacións e significados que xerou esta evolución poden ser moi diverxentes entre si. Por iso, propónse unha Educación Física que ten en conta o espazo social en que se desenvolve e que ten como norte formar un alumnado activo, capaz de analizar con espírito crítico o conxunto de espectáculos, manifestacións, valores e actitudes que xiran arredor do deporte e da súa actualidade, seleccionando a información recibida e procesándoa, obtendo conclusións a partir da realización de análises persoais e achegándoo a unha cultura deportiva na cal o deporte estea ao servizo do ser humano e no que palabras como satisfacción, autonomía, confianza, esforzo, axuda ou traballo en equipo sexan un referente que se vaia seguir. Por iso, a práctica e a organización de actividades deportivas colectivas propóñense cun carácter aberto, de pacto, e esixe a aceptación das diferenzas e limitacións das persoas participantes e a asunción por parte de cada integrante das súas propias responsabilidades.

Esta competencia tamén relaciona o dereito que toda a cidadanía ten á saúde coa promoción da actividade física no período escolar. A inactividade física é un problema importante de saúde pública. A visión dunha mocidade sedentaria, observadora deportiva e afastada da práctica motora, con índices crecentes de obesidade e problemas de saúde realmente alarmantes establece como prioridade social a educación para a prevención de comportamentos de risco e a promoción da actividade física como base de cultivo de hábitos saudables.

A Educación Física promove de forma singular o sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) das alumnas e dos alumnos. As bases da identidade persoal edifícanse a partir de dous dos aspectos reguladores do ser humano, o corpo e o movemento. A forma de interaccionar con outras persoas e co medio realízase a partir da diferenciada motricidade de cada quen. É aí, na disposición persoal para a acción, onde se afirma a súa base identitaria.

O ensino das diferentes propostas motoras, dos xogos e deportes, das actividades no medio natural ou do desenvolvemento da condición física e a expresión corporal oriéntanse cara á formación dun ser autónomo capaz de anticipar, percibir, decidir, relacionar, executar e reflexionar sobre as súas actuacións e de transferir o traballo na aula a outros espazos persoais de recreación e tempo libre.

Estas propostas, que fomentan a autonomía e a iniciativa persoal, oriéntanse en Educación Física, basicamente, dende tres campos: dende a forma de producirse a interacción entre o profesorado e o alumnado, dende a metodoloxía de traballo na aula e desde as esixencias e os retos da propia actividade.

A interacción na aula fai referencia ao clima existente, á cooperación e participación das alumnas e dos alumnos nas propostas que se desenvolven na aula e fóra dela. Neste espectro inclúense formulacións de autoxestión ou co-xestión das propias sesións de Educación Física ou da organización de propostas complementarias como xornadas deportivas, eventos singulares ou programacións específicas.

As metodoloxías seleccionadas condicionan o nivel de autonomía do alumnado. A metodoloxía debe ser utilizada en función da actividade e das características das persoas destinatarias. Con todo as propostas máis creativas, máis autónomas, máis individualizadas, máis exploratorias, promoven unha formación máis individualizada e desenvolven unha maior capacidade de iniciativa persoal.

Doutra banda, as esixencias e os retos das tarefas con certa dificultade técnica ou enfrontarse á mellora do propio nivel de condición física, implican situacións en que o alumnado debe manifestar auto-superación, perseveranza e actitude positiva; responsabilidade e honestidade na aplicación das regras e capacidade de aceptación dos diferentes niveis de condición física e de execución motriz dentro do grupo.

En canto que se van usar as TICs para buscar, analizar e seleccionar información relevante, coa finalidade de elaborar documentos ou traballos propios e adecuados á súa idade, a Educación Física colabora na súa medida á adquisición da competencia dixital (CD).

Aprender a resolver problemas motores de forma autónoma, aplicar os coñecementos á resolución de novas situacións, é un dos grandes obxectivos da Educación Física. Aprender a aprender (CAA) en educación física tamén implica desenvolver habilidades para o traballo en equipo en diferentes actividades deportivas e expresivas colectivas e a adquisición de aprendizaxes técnicas, estratéxicas e tácticas que sexan xeneralizables para varias actividades deportivas.

Esta competencia está vinculada directamente co desenvolvemento da autonomía e da iniciativa persoal na aula. A forma en que se realiza a interacción nela e as metodoloxías de traballo empregadas no desenvolvemento das sesións van condicionar o desenvolvemento desta competencia. A Educación Física axuda á consecución da competencia para aprender a aprender ao ofrecer recursos para a planificación de determinadas actividades físicas a partir dun proceso de experimentación. Unha educación física e deportiva sobre a base de situacións-problema, discusións polémicas, obradoiros, debates... pode contribuír a que o alumnado sexa capaz de regular a súa propia aprendizaxe da actividade física e á vez estruturar e organizar a práctica no seu tempo libre. Para iso deberán realizarse actividades que, polo seu contido, propicien a resolución de problemas, organizar situacións en que se revelen contradicións, buscar solucións posibles ante as actividades cooperativas ou de competición, individuais ou grupais presentados, e xulgar o proceso e o seu resultado final.

A contribución da Educación Física á adquisición da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) é de carácter secundario e prodúcese a través do desenvolvemento de diversos contidos específicos da Educación Física e a partir doutros de carácter transversal. O cuantitativo no espacial, no temporal, nas distancias e traxectorias, está reflectido en moi diversos momentos e actos. O control do tempo, a toma de pulsacións, o ritmo en función da distancia, a regulación de esforzos, a ocupación espacial, son formas que se manexan habitualmente en educación física, ben polo coñecemento regulamentario, ben polas esixencias da propia práctica.

A Educación Física é unha encrucillada de diversas linguaxes. Algunhas sonlle propias e outras son compartidas. A adquisición da competencia en comunicación lingüística (CCL) prodúcese en Educación Física de dúas formas diferentes. A primeira, do mesmo xeito que no resto das materias, ofrecendo unha variedade de intercambios comunicativos e enriquecendo a capacidade comunicativa a través das expresións e o vocabulario específico que achega.

Ademais a comunicación, como factor básico da linguaxe, está unida á área de Educación Física polo uso do corpo como medio para expresar todo tipo de accións ou sensacións. Co corpo transmítense ademáns, afectos, estados de ánimos, posturas, sinais... que configuran as bases da linguaxe corporal. Escoitar, expoñer e dialogar estarían moi empobrecidos sen a significatividade que o corpo lles dá a estes conceptos. A comunicación xestual, a utilización de ritmos e danzas, a respiración e, en xeral, as técnicas de dominio corporal, inicialmente traballadas en primaria, e que convén continuar.

Na nosa materia, dentro das 7 competencia clave establecidas, non se inclúe a competencia motriz. No Decreto 86/2015, do 25 de xuño, no apartado de Educación Física, empeza dicindo que a finalidade da nosa materia é que o alumnado alcance a “competencia motriz”, polo que imos ter que asegurar o desenvolvemento das competencias clave e garantir o desenvolvemento da competencia motriz. Entendida como “aquelas aprendizaxes específicas da EF, como o dominio de habilidades motrices e patróns de movemento que capacitan ao escolar para participar nos programas de actividade física” (Castelli & Valley, 2007).



**PERFIL COMPETENCIAL DA MATERIA DE EDUCACIÓN FÍSICA**

---

		Estándares			
		2º ESO		4º ESO	
C C	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	13		12	25
	Aprender a aprender	15		9	24
	Sociais e cívicas	11		14	25
	Matemática, ciencia e tecnoloxía	7		11	18
	Conciencia e expresión culturais	4		4	8
	Comunicación lingüística	2		3	5
	Competencia dixital	1		3	4

## PERFIL COMPETENCIAL DA MATERIA DE EDUCACION FISICA PARA 2º DE ESO

### Competencia Clave: COMPETENCIA EN APRENDER A APRENDER

#### Estándares de Aprendizaxe

2º-EFB1.1.2 - Prepara e realiza queceamentos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar.

2º-EFB1.5.2 - Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas viventes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos

2º-EFB3.2.1 - Participa na mellora das CFB desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.

2º-EFB3.2.2 - Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades

2º-EFB3.2.3 - Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.

2º-EFB3.2.4 - Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto destapráctica coa mellora da calidade de vida.

2º-EFB4.1.1 - Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas.

2º-EFB4.1.2 - Autoavalia a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado

2º-EFB4.1.3 - Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados.

2º-EFB4.1.4 - Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.

2º-EFB4.1.5 - Explica e pon en práctica técnicas de progresión nos contornos non estables e técnicas básicas de orientación, regulando o esforzo

2º-EFB4.2.1 - Adapta os fundamentos técnicos-tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físicas de oposición ou de colaboración-oposición

2º-EFB4.2.2 - Describe simplificada e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.

2º-EFB4.2.3 - Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición facilitadas, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.

2º-EFB4.2.4 - Reflexiona sobre as situacións facilitadas resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.

### Competencia Clave: COMPETENCIA EN SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR

#### Estándares de Aprendizaxe

2º-EFB1.4.1 - Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para simesmo/a ou para as demais persoas.

2º-EFB1.4.2 - Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno.

2º-EFB1.4.3 - Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable.

2º-EFB3.2.3 - Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.
2º-EFB4.1.1 - Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas.
2º-EFB4.1.2 - Autoavalia a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado
2º-EFB4.1.3 - Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados.
2º-EFB4.1.4 - Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.
2º-EFB4.1.5 - Explica e pon en práctica técnicas de progresión nos contornos non estables e técnicas básicas de orientación, regulando o esforzo en función das súas posibilidades.
2º-EFB4.2.1 - Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.
2º-EFB4.2.2 - Describe simplifadamente e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.
2º-EFB4.2.3 - Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición facilitadas, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.
2º-EFB4.2.4 - Reflexiona sobre as situacións facilitadas resaltando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.
<b>Competencia Clave: COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS</b>
<b>Estándares de Aprendizaxe</b>
2º-EFB1.1.1 - Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.
2º-EFB1.1.2 - Prepara e realiza queceamentos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar.
2º-EFB1.1.3 - Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente.
2º-EFB1.2.1 - Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.
2º-EFB1.2.2 - Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.
2º-EFB1.2.3 - Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.
2º-EFB1.3.1 - Coñece as posibilidades que ofrece o contorno para a realización de actividades físico-deportivas axeitadas a súa idade.
2º-EFB1.3.2 - Respecta o contorno e valórao como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.

2º-EFB1.3.3 - Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.
2º-EFB1.4.1 - Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para simesmo/a ou para as demais persoas.
2º-EFB3.1.6 - Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.
<b>Competencia Clave: COMPETENCIA MATEMÁTICA E EN CIENCIA E TECNOLOXÍA</b>
<b>Estándares de Aprendizaxe</b>
2º-EFB1.1.1 - Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.
2º-EFB3.1.1 - Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas
2º-EFB3.1.2 - Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde.
2º-EFB3.1.3 - Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa act física sistemática, así como coa saúde, riscos e contraindicacións da práctica deportiva.
2º-EFB3.1.4 - Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da CF
2º-EFB3.1.5 - Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física.
2º-EFB3.1.6 - Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.
<b>Competencia Clave: COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAIS</b>
<b>Estándares de Aprendizaxe</b>
2º-EFB2.1.1 - Utiliza técnicas corporais básicas, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade.
2º-EFB2.1.2 - Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade.
2º-EFB2.1.3 - Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas sinxelas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
2º-EFB2.1.4 - Realiza improvisacións de xeito individual como medio de comunicación espontánea
<b>Competencia Clave: COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA</b>
<b>Estándares de Aprendizaxe</b>
2º-EFB1.5.1 - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.
2º-EFB1.5.2 - Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas viventes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos
<b>Competencia Clave: COMPETENCIA DIXITAL</b>
<b>Estándares de Aprendizaxe</b>
2º-EFB1.5.1 - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.

## PERFIL COMPETENCIAL DA MATERIA DE EDUCACIÓN FÍSICA PARA 4º DE ESO

Competencia Clave: COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

Estándares de Aprendizaxe

4º-EFB1.1.1 - Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma

4º-EFB1.1.2 - Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal.

4º-EFB1.1.3 - Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.

4º-EFB1.2.1 - Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais

4º-EFB1.2.2 - Verifica que a colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas.

4º-EFB1.2.3 - Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilizalos na súa práctica de maneira autónoma.

4º-EFB1.3.1 - Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas.

4º-EFB1.3.2 - Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.

4º-EFB1.3.3 - Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.

4º-EFB1.5.1 - Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos.

4º-EFB1.5.2 - Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo.

4º-EFB4.3.1 - Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.

4º-EFB4.3.2 - Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida

4º-EFB4.3.3 - Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.

Competencia Clave: COMPETENCIA EN SENTIDO DA INICIATIVA E DO ESPÍRITO EMPRENDEDOR

Estándares de Aprendizaxe

4º-EFB1.4.1 - Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.

4º-EFB1.4.2 - Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de actividade física.

4º-EFB1.4.3 - Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico-deportivas.

4º-EFB4.1.1 - Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características

4º-EFB4.1.2 - Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas.

4º-EFB4.1.3 - Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.

4º-EFB4.2.1 - Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria.

4º-EFB4.2.2 - Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes.

4º-EFB4.2.3 - Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario.

4º-EFB4.2.4 - Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións.

4º-EFB4.2.5 - Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e reconece os procesos que están implicados nelas.
4º-EFB4.2.6 - Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.
<b>Competencia Clave: COMPETENCIA MATEMÁTICA E EN CIENCIA E TECNOLOXÍA</b>
<b>Estándares de Aprendizaxe</b>
4º-EFB3.1.1 - Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva.
4º-EFB3.1.2 - Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes.
4º-EFB3.1.3 - Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde.
4º-EFB3.1.4 - Valora as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física.
4º-EFB3.2.1 - Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física.
4º-EFB3.2.2 - Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.
4º-EFB3.2.3 - Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades.
4º-EFB3.2.4 - Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde.
4º-EFB4.3.1 - Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.
4º-EFB4.3.2 - Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida
4º-EFB4.3.3 - Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.
<b>Competencia Clave: COMPETENCIA EN APRENDER A APRENDER</b>
<b>Estándares de Aprendizaxe</b>
4º-EFB4.1.1 - Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características
4º-EFB4.1.2 - Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas.
4º-EFB4.1.3 - Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.
4º-EFB4.2.1 - Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria.
4º-EFB4.2.2 - Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes.
4º-EFB4.2.3 - Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario.
4º-EFB4.2.4 - Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións.
4º-EFB4.2.5 - Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e reconece os procesos que están implicados nelas.
4º-EFB4.2.6 - Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores no contorno.
<b>Competencia Clave: COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAIS</b>
<b>Estándares de Aprendizaxe</b>
4º-EFB1.3.2 - Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.

4º-EFB2.1.1 - Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición.
4º-EFB2.1.2 - Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas.
4º-EFB2.1.3 - Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas.
<b>Competencia Clave: COMPETENCIA DIXITAL</b>
<b>Estándares de Aprendizaxe</b>
4º-EFB1.6.1 - Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.
4º-EFB1.6.2 - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.
4º-EFB1.6.3 - Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados
<b>Competencia Clave: COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA</b>
<b>Estándares de Aprendizaxe</b>
4º-EFB1.6.1 - Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.
4º-EFB1.6.2 - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.
4º-EFB1.6.3 - Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados

## OBXECTIVOS DE ETAPA

---

Coa nosa materia axudaremos á consecución dos obxectivos de etapa marcados polo Decreto 86/2015, do 25 de xuño, no seu Artigo 10, sendo o m o obxectivo máis desenvolto.

A continuación, cítanse e describen os obxectivos de etapa máis relacionados coa nosa materia, desenvolvendo o resto a través dun traballo global.

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.



- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- p) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## CONTIDOS

---

Os contidos preséntanse distribuídos en catro grandes bloques:

- Bloque 1. Contidos comúns.
- Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas.
- Bloque 3. Actividade física e saúde.
- Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas.

Esta distribución non determina métodos concretos; unicamente responde a unha forma de organizar os contidos dun xeito enlazado atendendo á configuración cíclica do ensino da materia, construíndo uns coñecementos sobre os outros, como unha estrutura de relacións observables, de maneira que se facilite a súa comprensión e aplicación en contextos cada vez máis enriquecedores e complexos. Tampouco implica unha organización pechada, xa que permite organizar os contidos de diferentes formas, adoptando a metodoloxía máis adecuada ás características tanto do grupo de alumnos e alumnas como dos propios contidos.

Os contidos do bloque común, pola súa natureza transversal, traballaranse ao longo do curso de xeito integrado cos contidos do resto dos bloques, dado que trata aspectos como a construción das fases dunha sesión, o aseo persoal, a participación nas actividades físicas independentemente do propio nivel de execución, a resolución de conflitos mediante o diálogo e a aceptación das regras establecidas, as posibilidades que presentan as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno, o control de riscos, o desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo, as actitudes, a confianza, o uso adecuado dos materiais e dos espazos, e a integración das tecnoloxías da información e da comunicación.

O bloque segundo trata os contidos que teñen que ver coa interpretación e a execución de accións motrices, utilizando técnicas de expresión corporal, baile e outros recursos artísticos.

O terceiro bloque inclúe todos os aspectos relacionados coa saúde que se poden abordar desde a práctica da actividade física, segundo as recomendacións de diversos organismos de ámbito internacional, estatal e autonómico.

No bloque dos xogos e as actividades deportivas tamén están incluídos todos os tipos de actividades físico-deportivas desenvolvidas no medio natural.

→ Concreción dos Contidos:

- 2º ESO

- **Bloque 1. Contidos comúns:** B1.1. Fases de activación e recuperación na práctica da actividade física de carácter xeral e específica, en función da actividade que se realice realizar. B1.2. Selección e execución de xogos e exercicios apropiados para cada fase da sesión. B1.3. Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados. B1.4. Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural. B1.5. Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora. B1.6. Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico deportivas e recreativas. B1.7. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural. B1.8. Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable. B1.9. Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde. B1.10. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, baseada na análise previa das características destas. B1.11. Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios. B1.12. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo. B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar, analizar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde. B1.14. Elaboración e exposición argumentada de documentos no soporte máis axeitado.

- **Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas:** B2.1. Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade. B2.2. Creatividade e improvisación nas actividades artístico-expresivas de xeito individual. B2.3. Realización de bailes e danzas sinxelas de carácter recreativo e popular.

- **Bloque 3. Actividade física e saúde:** B3.1. Condición física. Capacidades físicas e coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, e a súa vinculación cos sistemas do organismo. B3.2. Efectos sobre a saúde da actividade física e a alimentación. B3.3. Capacidade de adaptación do organismo ante a actividade física e a práctica deportiva. B3.4. Control da intensidade do esforzo a través da frecuencia cardíaca. B3.5. Procedementos para a avaliación dos factores da condición física relacionados coa saúde. B3.6. A actividade física e o seu efecto sobre a saúde. Criterios de selección de actividades para a realización dun plan de mellora da saúde. B3.7. Métodos básicos de adestramento para a mellora das capacidades físicas básicas relacionadas coa saúde. B3.8. Avaliación da condición física saudable e realización de actividades para a mellora desta, tendo en conta as súas características individuais. B3.9. Ergonomía e hixiene postural na práctica de actividades físicas. B3.10. Actividade física habitual e outros hábitos de vida saudables, , e o seu efecto sobre a calidade de vida.

- **Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas:** B4.1. Execución e avaliación de habilidades motrices vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos. B4.2. Práctica de actividades e xogos para aprendizaxe dos deportes individuais. B4.3. Adquisición de técnicas de progresión e orientación no medio natural, a súa aplicación en diferentes contornos. B4.4. Execución de habilidades motrices técnico-tácticas facilitadas vinculadas aos deportes colectivos en distintas situacións, respectando os regulamentos específicos. B4.5. Práctica de actividades e xogos para aprendizaxe dos deportes colectivos.

- 4º ESO

**Bloque 1. Contidos comúns:** B1.1. Deseña e realiza as fases de activación e recuperación, logo da análise da actividade física que se vaia realizar. B1.2. Fases de activación e recuperación como medio de prevención de lesións. B1.3. Planificación e organización de eventos e campionatos nos que se utilicen sistemas que potencien as actitudes, os valores e o respecto das normas, asumindo diferentes papeis e funcións. B1.4. Valoración das actividades físicas, deportivas e tradicionais na sociedade actual, destacando os comportamentos axeitados tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a. B1.5. Primeiras actuacións ante as lesións máis común que poden manifestarse na práctica deportiva. B1.6. Protocolos básicos de primeiros auxilios. B1.7. Medidas preventivas sobre os riscos ou as lesións na realización de actividades físico-deportivas. B1.8. Manexo e utilización do material e do equipamento deportivo. B1.9. Aceptación das normas sociais e democráticas que rexen nun traballo en equipo. B1.10. Técnicas de traballo en equipo. B1.11. Técnicas de traballo colaborativo. B1.12. Xogo limpo como actitude social e responsable. B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas coas actividades físico-deportivas e as relacionadas coa saúde.

- **Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas:** B2.1. Creación de composicións artístico-expresivas individuais ou colectivas, con ou sen apoio dunha estrutura musical, incluíndo os elementos para a súa sistematización: espazo, tempo e intensidade.

- **Bloque 3. Actividade física e saúde:** B3.1. Efectos negativos que determinados hábitos de vida e consumo teñen sobre a condición física e a saúde. B3.2. Actividade física e saúde. B3.3. Realización de exercicios para a consecución dunha óptima hixiene postural. B3.4. Alimentación: repercusión na saúde e na actividade física. B3.5. Valoración e toma de conciencia da propia condición física e da predisposición a melloralas. B3.6. Elaboración e posta en práctica dun plano de traballo que integre as capacidades físicas relacionadas coa saúde. B3.7. Valoración e aplicación de técnicas e métodos de relaxación e respiración de xeito autónomo, co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida. B3.8. Métodos de avaliación da condición física en relación coa saúde.

- **Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas:** B4.1. Traballo dos fundamentos técnicos das actividades físico-deportivas propostas, tendo en consideración diversos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, as persoas adversarias, os regulamentos e o contorno da práctica. B4.2. Traballo das situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición propostas, tendo en consideración diversos condicionantes xerados polos compañeiros/as, as persoas adversarias, os regulamentos e o contorno da práctica. B4.3. Coñecemento e práctica de xogos e de deportes tradicionais de Galicia e da propia zona, así como do seu regulamento. Procura de información sobre variacións locais. B4.4. Relación entre actividade física, a saúde e o medio natural. B4.5. Toma de conciencia do impacto que teñen algunhas actividades físico-deportivas no medio natural. B4.6. Realización de actividades deportivas e/ou recreativas, preferentemente desenvolvidas no medio natural.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

**SEGUNDO CURSO DA ESO (2º ESO)**

CA	Estándares	Grao mínimo Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
EF- B1.1	2º-EFB1.1.1 - Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coaintensidade dos esforzos realizados.	Identifica as partes da sesión de Educación Física relacionando co nivel de intensidade do esforzo.	X			PROCEDEMENTOS: Experimentación- comprobación.  INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado.	CSC CMCT
	2º-EFB1.1.2 - Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar.	Realiza de xeito básico e de maneira independente quecementos e volta a calma nas sesións	X			PROCEDEMENTOS: Observación indirecta.  INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CSC CAA
	2º-EFB1.1.3 - Prepara e pon en práctica actividades para a mellora dashabilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente.	Segue as indicacións do profesor para a preparación e posta en práctica de actividades.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación directa e indirecta INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico Libreta do profesor) + Lista de control.	CSC
EF- B1.2	2º-EFB1.2.1 - Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.	Aмосa respecto polos compañeiros e a actividade.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación directa e indirecta.  INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico Libreta do profesor) + Lista de control.	CSC
	2º-EFB1.2.2 - Colabora nas actividadesgrupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	Mostra colaboración, deportividade, e responsabilidade.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación directa e indirecta. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico Libreta do profesor) + Lista de control.	CSC
	2º-EFB1.2.3 - Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.	Respecta as producións motrices dos compañeiros con independencia do seu nivel de destreza.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación directa e indirecta INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico Libreta do profesor) + Lista de control.	CSC
EF- B1.3	2º-EFB1.3.1 - Coñece as posibilidades que ofrece o contorno para a realización de actividades físico- deportivas axeitadas a súa idade.	Coñece as posibles contornas e clubs para a realización de actividades físico deportivas do seu concello.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Experimentación- comprobación. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CSC
	2º-EFB1.3.2 - Respecta o contorno evalóroa como un lugar común para a realización de actividades físico- deportivas.	Aмосa respecto polo contorno.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación directa e indirecta. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico Libreta do profesor) + Lista de control.	CSC
	2º-EFB1.3.3 - Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	Recoñece os estilos de vida relacionados coa saúde no contexto social actual.	X			PROCEDEMENTOS: Experimentación- comprobación. INSTRUMENTOS: Traballo individual.	CSC

EF-B1.4	2º-EFB1.4.1 - Identifica as características das actividades físico- deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas.	Identifica os riscos das diferentes actividades físicas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación directa e indirecta.  INSTRUMENTOS: Registro anecdótico Libreta do profesor) + Lista de control.	CSC CSIEE
	2º-EFB1.4.2 - Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno.	E capaz de activar os protocolos de emerxencia e de protección do contorno.	X			PROCEDEMENTOS: Experimentación- comprobación.  INSTRUMENTOS: Traballo individual.	CSIEE
	2º-EFB1.4.3 - Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable.	Aplica as medidas preventivas para a práctica das actividades desenvolvidas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación directa e indirecta.  INSTRUMENTOS: Registro anecdótico Libreta do profesor) + Lista de control.	CSIEE
EF-B1.5	2º-EFB1.5.1 - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	Realiza documentos dixitais propios e accede con autonomía ó aula virtual do centro.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Experimentación- comprobación.  INSTRUMENTOS: Traballo individual.	CD CCL
	2º-EFB1.5.2 - Expón e defende	Expón traballos	X			PROCEDEMENTOS:	CAA
	traballos elaborados sinxelos sobre temas viventes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos	relacionados coa práctica da actividade física de maneira individual ou grupal.				PROCEDEMENTOS: Observación indirecta.  INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCL
EF-B2.1	2º-EFB2.1.1 - Utiliza técnicas corporais básicas, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade.	Utiliza técnicas básicas de expresión corporal combinando as variables dinámicas do movemento.		X		PROCEDEMENTOS: Observación indirecta.  INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCEC
	2º-EFB2.1.2 - Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade.	Pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustándose a un ritmo musical de baixa dificultade.			X	PROCEDEMENTOS: Observación indirecta.  INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCEC
	2º-EFB2.1.3 - Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas sinxelas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	E capaz de deseñar cos compañeiros/as pequenas coreografías rítmicas sinxelas.			X	PROCEDEMENTOS: Observación indirecta.  INSTRUMENTOS: Rúbrica + Lista de control.	CCEC
	2º-EFB2.1.4 - Realiza improvisacións de xeito individual como medio de comunicación espontánea.	Realiza improvisacións básicas individuais como medio de comunicación.		X		PROCEDEMENTOS: Observación indirecta.  INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCEC
EF-B3	2º-EFB3.1.1 - Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.	Identifica a implicación das capacidades físicas e coordinativas nas distintas actividades.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Experimentación- comprobación.  INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado.	CMCT
	2º-EFB3.1.2 - Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde.	Identifica o estilo de vida saudable e o seu impacto na vida cotiá.	X			PROCEDEMENTOS: Experimentación- comprobación.  INSTRUMENTOS: Traballo individual.	CMCT

EF-B3.1	2º-EFB3.1.3 - Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva.	Coñece as adaptacións os distintos tipos de actividade.	X			PROCEDEMENTOS: Experimentación-comprobación.	CMCT
	2º-EFB3.1.4 - Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física.	Identifica a frecuencia cardíaca como indicador de intensidade da actividade física e Adapta o seu esforzo de xeito saudable.	X			PROCEDEMENTOS: Observación indirecta.	CMCT
	2º-EFB3.1.5 - Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física.	Coñece e realiza os procedementos para avaliar a súa condición física.	X			PROCEDEMENTOS: Observación indirecta.	CMCT
	2º-EFB3.1.6 - Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.	Identifica as características das actividades físicas saudables.	X			PROCEDEMENTOS: Experimentación-comprobación.	CMCT CSC
EF-B3.2	2º-EFB3.2.1 - Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.	Realiza actividades físicas saudables participando activamente nas propostas didácticas.	X			PROCEDEMENTOS: Observación directa e indirecta.	CAA
	2º-EFB3.2.2 - Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades	Realiza actividades adaptadas ao seu nivel para o mellora da súa condición física.	X			PROCEDEMENTOS: Observación indirecta.	CAA
						INSTRUMENTOS: Lista de control + rexistro anecdótico (Libreta do profesor)	
	2º-EFB3.2.3 - Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.	Identifica e Aplica a relación entre a hixiene postural e o modelo técnico das diferentes actividades físicas	X			PROCEDEMENTOS: Observación indirecta.	CAA CSIEE
	2º-EFB3.2.4 - Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.	Analiza o efecto da práctica de actividade física na mellora da calidade de vida.	X			PROCEDEMENTOS: Experimentación-comprobación.	CAA
EF-B4.1	2º-EFB4.1.1 - Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas.	Executa e Aplica os elementos técnicos básicos no contexto regulamentario.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación indirecta.	CAA CSIEE
	2º-EFB4.1.2 - Autoavalía a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado	Compara o seu estilo técnico co modelo técnico formulado.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación indirecta.	CAA CSIEE
	2º-EFB4.1.3 - Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados.	Describe basicamente os puntos chave dos modelos técnicos practicados.		X	X	PROCEDEMENTOS: Experimentación-comprobación.	CAA CSIEE
	2º-EFB4.1.4 - Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.	Amosa actitudes de esforzo e superación na Mellora do seu nivel de execución.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación indirecta.	CAA CSIEE
						INSTRUMENTOS: Rúbrica.	

	2º-EFB4.1.5 - Explica e pon en práctica técnicas de progresión nos contornos non estables e técnicas básicas de orientación, regulando o esforzo en función das súas posibilidades.	Coñece e pon en práctica as técnicas básica de orientación.			X	PROCEDEMENTOS: Observación indirecta.  INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CAA CSIEE
EF- B4.2	2º-EFB4.2.1 - Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.	Adapta os fundamentos técnico tácticos en situacións reais de xogo e en situacións facilitadas.	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación indirecta.  INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CAA CSIEE
	2º-EFB4.2.2 - Describe simplificada e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.	Describe simplificada e identifica e pon en práctica as fases do xogo nas actividades de oposición ou de ataque defensa.	X	X		PROCEDEMENTOS: Experimentación- comprobación + Observación indirecta.  INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado + Rúbrica.	CAA CSIEE
	2º-EFB4.2.3 - Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición facilitadas, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.	Discrimina os estímulos relevantes para a solución dos problemas motrices presentados nas actividades.	X		X	PROCEDEMENTOS: Observación indirecta.  INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CAA CSIEE
	2º-EFB4.2.4 - Reflexiona sobre as situacións facilitadas resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.	Transfire os aprendizaxes das situacións facilitadas a outras de complexidade similar.	X		X	PROCEDEMENTOS: Observación indirecta.  INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CAA CSIEE

CUARTO CURSO DA ESO (4º ESO)

CA	Estándares	Grao mínimo Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
EF-B1.1	4º-EFB1.1.1 - Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma	Realiza óptimamente as fases de activación e de volta á calma en función da actividade principal.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación indirecta. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CSC
	4º-EFB1.1.2 - Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal.	Executa os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación indirecta. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CSC
	4º-EFB1.1.3 - Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.	Realiza algúns exercicios ou actividades sinxelos nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación indirecta. INSTRUMENTOS: Lista de control.	CSC
EF-B1.2	4º-EFB1.2.1 - Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais	Asume habitualmente con responsabilidade as funcións encomendadas na organización de actividades grupais	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación directa e indirecta. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (Libreta do profesor) + Lista de control.	CSC
	4º-EFB1.2.2 - Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas.	Colabora coordinadamente na planificación e posta en práctica de actividades grupais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación directa. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (Libreta do profesor).	CSC
	4º-EFB1.2.3 - Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilízalos na súa práctica de maneira autónoma.	Propón ocasionalmente usos creativos de utilización de materiais ou de planificación para utilízalos na súa práctica.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación directa. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (Libreta do profesor).	CSC
EF-B1.3	4º-EFB1.3.1 - Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas.	Manifesta con frecuencia accións de recoñecemento de méritos e de respecto cara os seus compañeiros/as.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación directa e indirecta. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (Libreta do profesor) + Lista de control.	CSC
	4º-EFB1.3.2 - Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.	Valora positivamente a diversidade de intereses na realización de actividades físicas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación directa. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (Libreta do profesor) e postas en común.	CSC CCEC
	4º-EFB1.3.3 - Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.	Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación indirecta. INSTRUMENTOS: Lista de control.	CSC
EF-B1.4	4º-EFB1.4.1 - Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.	Verifica o estado do equipamento e materiais e Realiza a práctica coa vestimenta e calzado apropiado.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación indirecta. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (Libreta do profesor) + Lista de control.	CSIEE
	4º-EFB1.4.2 - Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de actividade física.	Recoñece as lesións máis frecuentes derivadas das prácticas físico-deportivas máis comúns.	X			PROCEDEMENTOS: Experimentación-comprobación. INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado.	CSIEE
	4º-EFB1.4.3 - Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico-deportivas.	Describe os protocolos comúns que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico-deportivas.	X			PROCEDEMENTOS: Experimentación-comprobación. INSTRUMENTOS: Proba escrita.	CSIEE



EF-B1.5	4º-EFB1.5.1 - Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos.	Mostra unha actitude reflexiva nos traballos grupais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación directa.  INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (Libreta do profesor).	CSC
	4º-EFB1.5.2 - Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo.	Valora e reforza de forma ocasionalmente as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación directa.  INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (Libreta do profesor).	CSC
EF-B1.6	4º-EFB1.6.1 - Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	Procura e analiza, con sentido crítico, as ideas básicas contidas nas informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Experimentación-comprobación.  INSTRUMENTOS: Traballo individual.	CD CCL
	4º-EFB1.6.2 - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para aprofundar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para aprofundar sobre contidos do curso. Usa autonomamente o aula virtual do centro.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación indirecta.  INSTRUMENTOS: Lista de control.	CD CCL
	4º-EFB1.6.3 - Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados	Comunica e comparte información nos soportes e nos contornos apropiados.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación indirecta.  INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CD CCL
EF-B2.1	4º-EFB2.1.1 - Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición.	Elabora unha composición artística expresiva de acordo a un obxectivo preestablecido con desinhibición, seleccionando técnicas e recursos traballados e outros novos ou creativos.		X		PROCEDEMENTOS: Observación indirecta.  INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCEC
	4º-EFB2.1.2 - Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas.	Axusta xeralmente as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas.		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación indirecta.  INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCEC
	4º-EFB2.1.3 - Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas.	Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, propoñendo ideas e aceptando as dos seus compañeiros/as.		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación directa e indirecta.  INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (Libreta do profesor) + Lista de control.	CCEC
EF-B3.1	4º-EFB3.1.1 - Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva.	Demostra coñecementos fundamentais sobre as características da actividade física saudable e dos seus beneficios.	X			PROCEDEMENTOS: Experimentación-comprobación.  INSTRUMENTOS: Proba escrita.	CMCT
	4º-EFB3.1.2 - Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes.	Relaciona e Executa exercicios de tonificación e flexibilización para a compensación de actitudes posturais inadecuadas.	X			PROCEDEMENTOS: Experimentación-comprobación + Observación indirecta.  INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto/pechado + Rúbrica.	CMCT
	4º-EFB3.1.3 - Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde.	Relaciona os hábitos prexudiciais máis comúns co seu impacto na saúde.	X			PROCEDEMENTOS: Experimentación-comprobación.  INSTRUMENTOS: Traballo individual.	CMCT
	4º-EFB3.1.4 - Valora as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física.	Valora a inxesta de alimentos e hidratación para a realización de actividade física.	X	X		PROCEDEMENTOS: Experimentación-comprobación.  INSTRUMENTOS: Cuestionario.	CMCT
	4º-EFB3.2.1 - Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física.	Recoñece a implicación das capacidades físicas básicas na realización de actividades dos tipos de actividade física.	X			PROCEDEMENTOS: Experimentación-comprobación.  INSTRUMENTOS: Cuestionario.	CMCT

EF-B3.2	4º-EFB3.2.2 - Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.	Practica distintos métodos de adestramento das capacidades físicas relacionadas ca saúde con autonomía.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación indirecta. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CMCT
	4º-EFB3.2.3 - Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades.	Aplica criterios básicos de progresión en programas sinxelos de actividade física saudable.	X			PROCEDEMENTOS: Observación indirecta. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CMCT
	4º-EFB3.2.4 - Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoa coa saúde.	Valora a súa aptitude física relacionándoa coa saúde.	X			PROCEDEMENTOS: Observación indirecta. INSTRUMENTOS: Lista de control.	CMCT
EF-B4.1	4º-EFB4.1.1 - Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características	Axusta a realización das habilidades específicas nas situacións motrices individuais de acordo a súas posibilidades e con seguridade.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación indirecta. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CAA CSIEE
	4º-EFB4.1.2 - Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas.	Axusta basicamente a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e adversarios, nas situacións colectivas.	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación indirecta. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CAA CSIEE
	4º-EFB4.1.3 - Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.	Adapta basicamente as técnicas de progresión e orientación aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación indirecta. INSTRUMENTOS: Rúbrica..	CAA CSIEE
EF-B4.2	4º-EFB4.2.1 - Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria.	Aplica de xeito oportuno as estratexias específicas básicas das actividades de oposición.	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación indirecta. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CAA CSIEE
	4º-EFB4.2.2 - Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes.	Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas básicas das actividades de cooperación.	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación indirecta. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CAA CSIEE
	4º-EFB4.2.3 - Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario.	Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas básicas das actividades de colaboración-oposición, perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario.	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación indirecta. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CAA CSIEE
	4º-EFB4.2.4 - Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións.	Aplica variedade de solucións ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito.	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación indirecta. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CAA CSIEE
	4º-EFB4.2.5 - Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e recoñece os procesos que están implicados nelas.	Xustifica de forma xeral as decisións tomadas na práctica das actividades.	X	X		PROCEDEMENTOS: Experimentación-comprobación. INSTRUMENTOS: Proba segmento-resposta..	CAA CSIEE
	4º-EFB4.2.6 - Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.	Argumenta, de xeito básico, estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando os factores presentes no contorno.	X	X		PROCEDEMENTOS: Experimentación-comprobación. INSTRUMENTOS: Proba segmento-resposta.	CAA CSIEE
4º-EFB4.3.1 - Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.	Sinala os principais efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.			X	PROCEDEMENTOS: Experimentación-comprobación. INSTRUMENTOS: Proba escrita.	CSC CMCT	

EF- B4.3	4º-EFB4.3.2 - Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida	Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida, poñéndoas en práctica			X	PROCEDEMENTOS: Experimentación-comprobación. INSTRUMENTOS: Proba escrita.	CSC CMCT
	4º-EFB4.3.3 - Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.	Mostra hábitos básicos e actitudes de conservación e protección ambiental.			X	PROCEDEMENTOS: Observación directa e indirecta.. INSTRUMENTOS: Rexistro anexdótico (Libreta do profesor) + Lista de control.	CSC CMCT

## UNIDADES DIDÁCTICAS

---

	<b>2º ESO</b>	<b>4º ESO</b>
<b>1º TRIMESTRE</b>	<i>CF e Saúde II</i>	<i>CF e Saúde IV</i>
	<i>Bádminton I</i>	<i>Bádminton III</i>
	<i>EC II</i>	<i>EC IV</i>
<b>2º TRIMESTRE</b>	<i>Baloncesto</i>	<i>Voleibol</i>
	<i>XeD Alternativos II</i>	<i>XeD Alternativos IV</i>
	<i>Acrosport I</i>	<i>Acrosport II</i>
<b>3º TRIMESTRE</b>	<i>XeD Tradicionais</i>	<i>XeD Tradicionais</i>
	<i>Relevos e vallas</i>	<i>Lanzamentos atlet.</i>
	<i>Sendeirismo</i>	<i>Orientación II</i>

## METODOLOXÍA

---

Á hora de establecer a metodoloxía para empregar na programación, debemos ter en conta diversos factores que nos van a condicionar e influír en como debemos enfocala: as características do centro e a contorna, aproveitando as posibilidades que nos brinda; dos alumnos, usando a metodoloxía como unha forma máis para atender á diversidade; e as necesidades que expoñen os obxectivos e as competencias en función dos contidos curriculares a desenvolver. A liña metodolóxica que rexe a programación, seguindo os principios metodolóxicos propostos polo Artigo 11 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, pódese resumir en:

- Considerar a atención á diversidade de todo o alumnado partindo do seu nivel inicial, a través das avaliacións iniciais.
  - Utilizar metodoloxías activas e participativas, a través do traballo individual e cooperativo, favorecendo a autonomía nas aprendizaxes.
  - Facer significativos os contidos, progresando no nivel de dificultade, e aplicándoos en actividades de sínteses.
  - Fomentar o bo uso das TICs e o desenvolvemento da expresión oral e escrita.
  - O papel do docente como un guía e coordinador do proceso de aprendizaxe.
- Tendo isto en conta, a metodoloxía didáctica baséase en:
- ROL DO PROFESOR NO ENSINO:
- Plantexamento de proxectos ou retos a longo prazo ou preguntas inmediatas.
  - Asinar tarefas individuais, cooperativas ou de colaboración que sexan atractivas, que supoñan un reto ou útiles a diario.
  - Observación da adaptación das tarefas ao nivel de aprendizaxe de cada un e as necesidades educativas especiais, atendendo á diversidade de niveis e intereses.
  - Dirixir mediante demostración e explicación ou feedback claro e breve.
  - Potenciación do uso de recursos didácticos variados de internet, apps móbiles e opcións que xurdan durante o curso.
  - Contacto coas familias.

➤ ROL DO ALUMNADO NA APRENDIZAXE:

- Resolución de proxectos ou retos a longo prazo ou solución a preguntas inmediatas.
- Realización de tarefas encomendadas.
- Análise, toma de decisións e mellora da execución.
- Dialogar co profesor en caso de necesidade.
- Uso de recursos de internet e apps de móbil.

➤ OS RECURSOS DIDÁCTICOS DO PROFESOR:

- Diario do profesor de rexistro de anotacións.
- Pizarra do ximnasio e rotuladores para escribir información clave.
- Apuntes xerados sobre a parte práctica.
- Ficheiro de cada curso e grupo para gardar fichas de cada alumno/a.
- Aula virtual

➤ **METODOLOXÍA BÁSICA:** Principalmente será a **ASIGNACIÓN DE TAREFAS**, que aínda que se trata dun estilo directivo, é o que mellor se acomoda ás sesións dentro desta materia. Non obstante, haberá momentos, sobre todo en unidades didácticas referidas á expresión corporal ou a xogos pre-deportivos, no que o método dominante sexa a **RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS**. Gustaríanos recalcar que os estilos non directivos son de gran axuda para os alumnos, pero debemos ter en conta os condicionantes de espazo, nº de alumnos por grupo, ou tempo, á hora de poder levalos a cabo.

➤ **ACTIVIDADES NAS QUE NOS BASAREMOS:** Ao ser esta unha materia de marcado carácter práctico, as actividades que viran en torno aos contidos procedimentais serán as de maior peso específico. Aínda que, atendendo aos tres tipos de contidos levaremos a cabo actividades que os abarquen a todos:

a) Explicacións de tipo teórico nas que o profesor ou profesora explicará aos alumnos os fundamentos conceptuais en torno aos que vira cada sesión. Para nós é moi importante que os alumnos comprendan a fundamentación de cada sesión e non sexan meros repetidores dos exercicios que se propoñen. Nos contidos que se considere necesario pola súa importancia ou complexidade facilitaráselle aos alumnos apuntes ou outro tipo de material para facilitar a súa aprendizaxe.

b) Continuando co apartado anterior, os alumnos, segundo as distintas unidades didácticas buscarán activamente información, ben sexa en xornais, libros ou en internet.

c) Exercicios de tipo práctico nos que se incluírán unha gran batería de xogos e tarefas xogadas, intentando motivar o máis posible a cada alumno, así como exercicios analíticos e progresións que faciliten a aprendizaxe das técnicas motrices.

d) Mini-competicións cuxo obxectivo será aplicar o aprendido en cada sesión e colaborar cos compañeiros no desenvolvemento da actividade. É importante destacar que a competición ten un alto contido educativo a condición de que o obxectivo de gañar non sexa nin o primeiro nin o único.

➤ ESTRUCTURA DAS SESIONS: Debido á propia natureza da materia, as nosas sesións han de lograr que os alumnos asimilen os contidos propostos ao mesmo tempo que realicen unha práctica física correcta. Así pois, respectando o anterior, a estrutura básica das sesións será a seguinte:

a) Parte Inicial:

- Explicación teórica por parte do profesor ou profesora: Nesta parte indícanse os obxectivos pretendidos para a sesión e explícanse os contidos conceptuais pertinentes.
- Quecemento: Posta a punto para a realización do exercicio físico tendo en conta a actividade posterior que se levará a cabo.

b) Parte Principal: Parte da sesión na que se traballa de forma máis intensa e buscando o logro dos obxectivos propostos.

c) Parte Final:

- Volta á calma: Nesta parte báixase a intensidade da sesión e aprovéitase tamén para comentar o desenvolvemento da mesma e ata aclarar cuestións que os alumnos estimen oportunas.
- Hixiene: Aseo persoal básico e/ou cambio de roupa (polo menos da camiseta).

### ***MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS***

---

Para acadar os obxectivos propostos empregaremos as instalacións (ximnasio, patio exterior e pista polideportiva semicuberta...) e materiais de que dispón o IES Castro de Baronceli, principalmente os asignados ao departamento de Educación Física e que se enumeran no inventario do departamento. No relativo aos contidos de carácter conceptual (e secundariamente aos procedimentais e actitudinais), apoiámonos fundamentalmente en ferramentas TIC, a través da Aula Virtual de EF.

Opcionalmente, para aqueles alumnos con dificultades para acceder a estes medios, facilitaremos material impreso.

## **AVALIACIÓN**

---

Segundo decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. A avaliación será continua en canto que forma parte do proceso de ensino aprendizaxe e terá carácter formativo e orientador.

### ***CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.***

---

Os resultados da avaliación expresaranse mediante unha cualificación numérica, que será o resultado do cálculo da media ponderada de todas as notas recollidas cos instrumentos de avaliación. Tendo en conta que os estándares están vinculados ao contidos establecidos na programación e en cada unidade didáctica, podemos agrupalos en tres ámbitos relacionados co carácter deses contidos; a cualificación aproximarase, logo, ao seguinte:

- Estándares vinculados ao ámbito procedimental: 30 %, referido ás producións motrices dos alumnos/as
- Estándares vinculados ao ámbito actitudinal: referidos á participación activa nas actividades propostas e ó comportamento diario 70 %

Para os alumnos lesionados ou con algunha enfermidade ou indisposición temporal, que lles impida a realización dos exercicios prácticos, as porcentaxes de cualificación corresponderán nun 70% ao ámbito conceptual, dado que a parte práctica se traballará tamén mediante producións non motrices, e nun 30% ao actitudinal.

Criterios de Promoción: para a promoción da materia de Educación Física os alumnos e alumnas deberán acadar unha cualificación numérica de cinco puntos. Para decidir esta promoción, consideraremos os seguintes indicadores, cuxo logro significará habitualmente a consecución do grao mínimo dos estándares:

- Ter realizado, dun xeito básico, as tarefas e actividades propostos ao longo do curso
- Realizar as probas dos diferentes bloques de contidos, subliñando que se debe ter acadado unha progresión individual suficiente e superando os estándares mínimos para o curso. Estes estándares mínimos, básicos ou fundamentais e o seu grao mínimo de consecución atópanse destacados cun fondo de color no apartado 8 desta programación didáctica.
- Comportamentos e actitudes non esperadas e/ou apropiadas reiteradas, que inciden no desenvolvemento das clases, na práctica segura e saudable de actividades físicas, nos valores sociais, etc. e que se relacionan cos estándares de aprendizaxe, serán rexistrados por medio do instrumento de avaliación correspondente. Os rexistros suporán un desconto na nota vinculada aos estándares do ámbito actitudinal e procedimental (participación activa).

Os criterios de avaliación son os establecidos no currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño.

## **INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

---

A avaliación do proceso de ensino e a práctica docente realízase a través da observación e reflexión que realiza o profesor, tendo en conta:

- As aprendizaxes conseguidas polos alumnos/as.
- A formación adecuada de grupos e as propostas de traballo cooperativo.
- Se o proceso de información e comunicación entre profesor e alumno facilita a aprendizaxe.
- Constatando se a estrutura da sesión, organización do espazo, material e distribución do tempo é correcta.
- Vendo se o número, duración e o nivel de dificultade das actividades son adecuados e resultan interesantes para o alumnos así como a súa significatividade para o proceso de ensino-aprendizaxe.
- A atención á diversidade
- O uso das TIC
- Os instrumentos para a recollida de datos serán:
- Folla de seguimento da programación (comentarios).
- Opinións dos alumnos: (questionarios para os alumnos, comentarios en gran grupo)
- Análise dos resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos.
- Rexistro para a autoavaliación do profesor.

A avaliación debe ser un instrumento de mellora polo que os datos obtidos servirán para identificar áreas de mellora que permitan introducir cambios na programación didáctica para adaptala mellor ás necesidades dos nosos alumnos. Por iso esta avaliación levarase a cabo en distintos momentos do curso: Ao finalizar cada unidade didáctica, para identificar lagoas, aspectos que supuxeron unha especial dificultade para os alumnos, necesidades de implementar actividades de reforzo ou de ampliación...; Ao remate de cada trimestre, momento especialmente interesante para analizar os resultados dos alumnos; e ao rematar o curso, como ferramenta de mellora para o curso seguinte.

## **ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E PENDENTES**

---

Os criterios de avaliación para o alumnado pendente son os mesmos que para o alumnado que está a cursar a área no curso no que se atopa actualmente.

Por todo o dito anteriormente, o departamento de Educación Física considera que un alumno ou alumna que teña a materia de Educación Física pendente do curso anterior superará dita área se supera a mesma no curso no que está matriculado e segue o plan de traballo establecido, aplicando os mesmos criterios de avaliación e promoción que aparecen na programación.



## ➤ AVALIACIÓN FINAL DE XUÑO

Tendo en conta a **Orde do 25 de Xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG do 11 de febreiro)**, proporemos para o alumnado:

### ***-Actividades de apoio, reforzo e recuperación no período entre a 3ª avaliación parcial e final***

O alumn@ que teña a materia pendente, unha vez realizada a 3ª avaliación parcial, deberá realizar as *actividades de apoio, reforzo e recuperación* recollidas no informe de avaliación individualizado, que se entregará co boletín de cualificacións da 3ª avaliación, as cales incidirán nos aspectos curriculares nos que o alumn@ presenta máis dificultades.

Para superar a materia, será precisa a avaliación positiva en todas as actividades previstas no informe de avaliación individualizado.

A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de xuño.

### ***-Actividades de ampliación no período entre a terceira avaliación parcial e a final***

O alumnado que teña a materia superada, unha vez realizada a 3ª avaliación parcial, realizará actividades de ampliación, baseadas na planificación e práctica autónoma da actividade física.

As actividades de ampliación serán avaliadas co único obxecto de mellorar a cualificación, tendo en conta os seguintes criterios de avaliación e cualificación:

- Realiza as actividades de xeito satisfactorio: subirá a cualificación obtida durante o curso regular, ata o máximo de 1 punto.
- Non realiza as actividades de xeito satisfactorio: conserva a cualificación obtida durante o curso regular da materia.

Para atender á diversidade do alumnado, debemos tomar certas medidas para facelo da forma adecuada, ademais das xa indicadas na metodoloxía e tratamento dos elementos curriculares. A LOMCE, no seu artigo 9, fálanos do “alumnado con necesidade específica de apoio educativo”, para o cal se seguirán as medidas de atención á diversidade do Decreto 229/2011, do 7 de decembro. Tamén as medidas organizativas e curriculares e a organización flexible dos ensinos, indicadas no Artigo 16 do Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro. Ademais, a Xunta de Galicia, no apartado de educación, propón diferentes protocolos para xestionar de forma adecuada a diversidade do alumnado.

Tendo isto en conta, as necesidades educativas específicas do alumnado se poden agrupar en :

Necesidades Educativas Especiais. (NEE): Alumnado con minusvalía (motora, sensorial e intelectual) ou trastornos graves de conduta.

Dificultades específicas de aprendizaxe (dislexia, discalculia, atraso escolar...).

Altas capacidades intelectuais.

Incorporación tardía ao sistema educativo español (inmigrantes, xitanos).

Condicións persoais ou de historia escolar. (Problemas familiares, hospitalización continuada, cambio de centro constante, ...).

Debido á peculiaridade da nosa área, o alumnado con NEAE que require maior atención debido ao grao de adaptación do currículo, sería o do grupo de N.E.E.

En liñas xerais, como obxectivos prioritarios a ter en conta, estaría potenciar a súa autonomía persoal, favorecer a súa participación activa e fomentar a súa capacidade de socialización. Como educadores, é importante non adoptar situacións de permisividade ou sobreprotección, interaccionando con eles con naturalidade.

Como medidas de atención á diversidade, poderemos adaptar o currículo en todos os seus elementos (Orde do 6 de outubro 1995. DOG 07/11/95): elementos prescriptivos (obxectivos, contidos e/ou criterios de avaliación) elaborando unha Adaptación Curricular Individualizada (ACI), ou elementos non prescriptivos (secuencia de contidos, formas e instrumentos de avaliación, organización da aula, agrupamentos e todo aquilo incluído na metodoloxía), elaborando un Reforzo Educativo (RE).

Para a elaboración do Reforzo Educativo poderemos ter en conta algunhas das seguintes consideracións metodolóxicas en función do alumno ao que van dirixidas:

### NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS:

Alumnos con minusvalía:

Motora:

Modificar os regulamentos dos xogos e sistemas de puntuación.

Utilizar materiais brandos alternativo ou adaptado.

Ante falta de equilibrio, dotar o alumno de reforzos, xeonlleiras...

En determinadas situacións "facer de sombra" do alumno para evitar caídas.

Facer de speaker para dar orientacións.

Modificar os espazos.

Equiparar a desigualdade motora, modificando as formas de desprazamento dosalumnos/as.

Sensorial visual:

Familiarización co ámbito coñecendo texturas, sons, etc.

Deixarlle tocar o material previamente á actividade.

Non utilizar material duro ou con ariscas.

Utilizar materiais máis grandes, sonoros (con cascabeis).

Utilizar compañeiro-guía unidos por unha corda para situacións de colaboración, persecución...

Adaptar o material con marcas (stick, zonas, paredes, etc.).

Engadir cascabeis en situacións de precisión (canastras, porterías, dianas, conos).

Utilizar sons (golpes, palmadas, etc.) para orientarse no espazo.

Variar sistemas de puntuación (tocar o taboleiro 1 pto., tocar cascabeis rede 2 pt

Equiparar a situación de desvantaxe ao grupo clase ( todos con anteface).

Sensorial auditiva:

Falar de fronte vocalizando sen berrar nin esaxerando os xestos.

Utilizar frases curtas, signos e sinais axudando a comprender a mensaxe.

Proximidade ao profesor, equipo de música, etc.

Utiliza reforzos visuais (Pano verde=saída, cambio... Pano roxo= stop, cambioparella...).

Equiparar a situación de desvantaxe ao grupo clase (todos con tapóns).

Intelectual:

Utilizar poucos obxectos á vez.

Propoñer xogos que presenten poucas decisións a tomar.

Presentar habilidades moi sinxelas nun principio e ir aumentando a súa dificultade.

Propoñer alumnos colaboradores, que cambiarán en cada sesión

Transmitir axeitadamente a información con unha linguaxe clara, sinxela e comprensible.

Utilizar sistemas de puntuación sinxelos.

Alumnos con trastornos graves de conduta:

Darlle protagonismo e responsabilidades cando consideremos oportuno (recollida de material, arbitraje, organización e dirección de xogos, etc.).

Non utilizar a actividade física como castigo.

Utilizar reforzos positivos.

#### DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE:

Formularanse actividades de reforzo e de apoio, dependendo do caso. En coordinación co P.T. segundo directrices de intervención dadas no informe de avaliación psicopedagóxica ou nos documentos de Adaptación curricular individualizada ( A.C.I.).

#### ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS:

Formularanse actividades de ampliación, dependendo do caso. Segundo directrices dadas no programa de enriquecemento deseñado para o alumno. Dende esta área será especialmente importante traballar obxectivos encamiñados ao desenvolvemento social do alumno.

#### INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO ESPAÑOL:

A través da actividade física favoreceremos a inclusión destes alumnos, obtendo unha maior participación e socialización destes no grupo, independentemente do momento da súa incorporación e situación persoal. Utilizaremos actividades de presentación, xogos cooperativos, actividades de socialización, etc. Variaranse para cada tarefa as formas de agrupamento. Achega cultural ao grupo clase (xogos tradicionais, danzas, música, etc.)

#### CONDICIÓN PERSOAIS OU DE HISTORIA ESCOLAR:

Con este alumnado será especialmente importante a coordinación cos servizos sociais, así como a intervención encamiñada á mellora das habilidades básicas, fomento das relacións sociais, inclusión no grupo, seguimento da asistencia e inculcar a importancia da escolaridade. En caso de existir dificultades de aprendizaxe asociadas a estas condicións persoais, seguir as directrices dadas no punto B.

## ***ELEMENTOS TRANSVERSAIS***

---

No Artigo 4 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, atopámonos os elementos transversais, desenvoltoos ao longo do curso nas diferentes unidades didácticas coas actividades propostas e a metodoloxía empregada, os cales son: Comprensión Lectora (CL), Expresión Oral e Escrita (EOE), Tecnoloxías da Información e da comunicación (TIC), Emprendemento (EMP), Educación Cívica e Constitucional (ECC) e prevención da violencia (PV).

## ***PLANS E PROXECTOS***

---

- Contribución ó proxecto lector: Fomentamos a lectura como medio de aprendizaxe e selección de información que se valora como criterio de avaliación de coñecementos.
- Contribución ó plan de convivencia: Promovemos a adquisición de condutas que van encamiñadas á mellora da autoestima, a mellora da toma de decisións, o control emocional, a adquisición de habilidades sociais, asertividade, cooperación, comunicación fluída e respectuosa e tolerancia que se valoran como criterio de avaliación de respecto e participación.
- Contribución ó plan TIC: Buscamos que seleccionen información de internet para redactara documentos e expoñelos en público como criterio de avaliación de coñecementos.

## ***ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.***

---

A realización das actividades complementarias e extraescolares quedarán a expensas da evolución da situación sanitaria ao longo do curso académico.